



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2019.00090

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A SUSPENSIÓN DA CONTRATACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00090

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Con data 25 de setembro de 2020 tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) a solicitude do expediente administrativo por parte do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal), motivada pola presentación do recurso especial en materia de contratación nº 164/2020, interposto por GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. contra o acordo de adxudicación da licitación, mediante acordo marco, para a prestación dos servizos de implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, expediente PCO.001.2019.00090.

Segundo o artigo 53 da Lei 9/2017: “Unha vez interposto o recurso, quedará en suspenso a tramitación do procedemento cando o acto impugnado sexa o de adxudicación, salvo no suposto de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, sen prexuízo das medidas cautelares que, en relación con estes últimos, se poderían adoptar en virtude do sinalado no artigo 56.3.”

O Acordo do 11 de novembro de 2019 do TACGal sobre a suspensión automática nos procedementos de contratación cando se impugna o acto de adxudicación, con efectos para os recursos con entrada no TACGal desde o 01.12.2019, dispón: “Desde o día 1 de decembro de 2019, non adoptar resolucións de mantemento de suspensión nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos de adxudicación, salvo nos supostos en que expresamente se solicite o levantamento da suspensión automática polo órgano de contratación, entendéndose, noutro caso, vixente a suspensión ata a resolución do recurso que acorde o seu levantamento.

RESOLVO:

1º) Declarar a suspensión automática do expediente de contratación do ACORDO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00090, ata a resolución do recurso que acorde o seu levantamento, en virtude do establecido no artigo 53 da Lei 9/2017 e no Acordo do 11 de novembro de 2019 do TACGal.

2º) Publicar esta Resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público para coñecemento do recorrente e dos licitadores que presentaron oferta.

3º) Comunicar esta Resolución ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.